



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Modificación de Estatutos

En cumprimento do disposto na normativa legal vixente sobre o depósito de estatutos de asociacións profesionais, e para os efectos previstos na mesma, faise público que foi depositada o 14 de xuño de 2017 acta da Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada o día 1 de xuño de 2017 pola "Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais y Autónomos de Chantada-Centro comercial Abierto", na que se recolle o acordo acadado en relación coa modificación de determinados artigos dos seus estatutos.

Lugo, 19 de xuño de 2017.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

R. 1901

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO RECURSOS HUMANOS

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 15 DE XUÑO DE 2017 POLA QUE SE APROBA A LISTA DE ADMITIDOS, PARA CUBRIR 5 PRAZAS DE TÉCNICO DE XESTIÓN, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA XESTIÓN, GRUPO A- SUBGRUPO A2 DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL E/OU HORIZONTAL.

Por Acordo da Xunta de Goberno de data 04 de novembro de 2016, apróbase a convocatoria e as bases xerais e específicas que rexerán o proceso para cubrir 5 prazas de **Técnico de Xestión**, encadradas na Escala de Administración Xeral, Subescala Xestión, Grupo A - Subgrupo A2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservadas á promoción interna vertical e/ou horizontal (BOP 281, de 09 de decembro de 2016 e Corrección de de erros BOP 115 de 22 de maio de 2017)

Visto o punto 6 das Bases Xerais que rexen o presente proceso selectivo, á Presidencia, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVE:

1º.- Aprobar a seguinte **lista de admitidos**:

Nº	APELIDOS E NOME
1	ÁLVAREZ NÚÑEZ, ISABEL
2	ARIAS VÁZQUEZ, JOSÉ ANTONIO
3	BAGARIA RODRÍGUEZ, PENÉLOPE
4	CARBALLADA GESTO, DOLORES
5	CARBALLEDO PORTELA, SUSANA
6	CASTRO DARRIBA, Mª JOSÉ
7	DOCANDO VEIGA, EVA

8	GARCÍA FERNÁNDEZ, XOSÉ BRAIS
9	GONZÁLEZ LÓPEZ, M ^a ELISA
10	LÓPEZ OBARRIO, MARÍA EMMA
11	RODRÍGUEZ ARIAS, MILAGROS
12	RODRÍGUEZ TUÑAS, SANTIAGO
13	SALGADO IGLESIAS, BELÉN
14	VÁZQUEZ PITA, MARÍA CRISTINA

2º. Abrir un prazo de 10 días para que os aspirantes poidan presentar as reclamacións ou rectificacións á lista provisional. Dito prazo abrírase a partir do día seguinte á publicación da presente resolución no BOP.

De non existir alegacións á lista provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Contra a lista definitiva os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial de Lugo, 23 de xuño de 2017.- O SECRETARIO, Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 1928

Anuncio

ANUNCIO DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 20 DE XUÑO DE 2017 POLA QUE SE APROBA A LISTA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, PARA CUBRIR 5 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA ADMINISTRATIVA, GRUPO C- SUBGRUPO C1 DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL E/OU HORIZONTAL.

Por Acordo da Xunta de Goberno de data 04 de novembro de 2016, apróbase a convocatoria e as bases xerais e específicas que rexerán o proceso para cubrir 5 prazas de **Administrativo**, encadradas na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, Grupo C - Subgrupo C1, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservadas á promoción interna vertical e/ou horizontal (BOP 281, de 09 de decembro de 2016 e Corrección de de erros BOP 115 de 22 de maio de 2017)

Visto o punto 6 das Bases Xerais que rexen o presente proceso selectivo, a Presidencia, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVE:

1º. Aprobar a seguinte **lista de admitidos e excluídos**:

A) ADMITIDOS:

Nº	APELIDOS E NOME
1	Fernández Gómez, Daniel
2	Ferreiro Neira, María Sol
3	González Chaín, Antonio
4	Jato Puentes, María Jesús
5	Lage Vilar, María Ángela
6	López Ancosmede, Fanny

7	López Vázquez, Alejandro
8	Losada Regueiro, Marina
9	Lovelle Varela, Inmaculada
10	Neira González, José Manuel
11	Ouro Núñez, Carlos Ramón
12	Pereira Marzán, Ana
13	Pérez Díaz del Corral, María Cristina
14	Rodríguez, Fernández, María del Carmen
15	Rozados Sánchez, Ramón
16	Teijeiro Poudereux, María del Carmen
17	Trabado, Trabado, Manuel Amable

B) EXCLUÍDOS:

Nº	APELIDOS E NOME	CAUSA DE EXCLUSIÓN
1	Fernández Rey, Verónica	No acreditar estar en posesión da titulación esixida de Bacharelato, Técnico ou equivalente nin cumprir o tempo de prestación de servizos de 10 anos como Auxiliar.

2º Abrir un prazo de 10 días para que os aspirantes poidan presentar as reclamacións ou rectificacións á lista provisional. Dito prazo abrirase a partir do día seguinte á publicación da presente resolución no BOP.

De non existir alegacións á lista provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Contra a lista definitiva os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial de Lugo, 23 de xuño de 2017.- O SECRETARIO, Cristobal Victor Fraga Bermejo.

R. 1929

Anuncio

RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 15 DE XUÑO DE 2017 POLA QUE SE APROBA A LISTA DE ADMITIDOS, PARA CUBRIR 4 PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, ENCADRADAS NA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, GRUPO C- SUBGRUPO C2 DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL E/OU HORIZONTAL.

Por Acordo da Xunta de Goberno de data 04 de novembro de 2016, apróbbase a convocatoria e as bases xerais e específicas que rexerán o proceso para cubrir 4 prazas de **Auxiliar Administrativo**, encadradas na Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, Grupo C - Subgrupo C2, do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, reservadas á promoción interna vertical e/ou horizontal (BOP 281, de 09 de decembro de 2016 e Corrección de de erros BOP 115 de 22 de maio de 2017)

Visto o punto 6 das Bases Xerais que rexen o presente proceso selectivo, á Presidencia, en uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVE:

1º. Aprobar a seguinte **lista de admitidos**:

A) ADMITIDOS:

Nº	APELIDOS E NOME
1	Angulo García, Rafael
2	Blanco López, Nerea
3	Santos Santos, M ^a de los Ángeles

2º. Abrir un prazo de 10 días para que os aspirantes poidan presentar as reclamacións ou rectificacións á lista provisional. Dito prazo abrirase a partir do día seguinte á publicación da presente resolución no BOP.

De non existir alegacións á lista provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Contra a lista definitiva os aspirantes poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición diante do Presidente no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución no BOP ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial de Lugo, 23 de xuño de 2017.- O SECRETARIO, Cristobal Victor Fraga Bermejo.

R. 1930

CONCELLOS

CERVO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local na sesión que tivo lugar o día 20 de xuño de 2017, prestou aprobación ao proxecto "Renovación da rede de abastecemento no Río Covo. Cervo (Lugo)". O mesmo sométese a información pública polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións. De non presentarse en tempo e forma o proxecto entenderase definitivamente aprobado.

Cervo, 21 de xuño de 2017.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 1905

MONDOÑEDO

Anuncio

EXPOSICION O PUBLICO E RECADACION DE IMPOSTOS

A Xunta de Goberno Local deste Concello na sesión do 19 de Xuño aprobou o Padrón da TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO DO 3º BIMESTRE E POLA ENTRADA DE VEHICULOS A TRAVES DE BEIRARRUAS DO 2017.

De conformidade co establecido na Lei Xeral Tributaria e nas Ordenanzas Municipais reguladoras, EXPONSE AO PUBLICO o devandito padrón para que as persoas interesadas, no PRAZO DE QUINCE DIAS contados a partires do anuncio no B.O.P., poidan examinalo e formularen as reclamacións que estimen oportunas.

Asemade, faise saber que a taxa obxecto deste anuncio estará ó cobro en PERIODO VOLUNTARIO na oficina de Recadación Municipal, sita na Casa Consistorial, de luns a venres, dende o día 1 de Xullo ó 31 de Agosto, en días hábiles.

Rematado o prazo en período voluntario os recibos non pagados serán cargados aos Servicios de Recadación da Excm. Diputación Provincial de Lugo para a súa exacción pola vía de constrinximento cos recargos e demais conceptos esixibles (intereses, costas, etc.) de conformidade co disposto no artg. 97 e seguintes do R.X. de Recadación.

Mondoñedo, 21 de Xuño do 2017.- O Tte. Alcalde,

R. 1907

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria do día 24 de abril de 2017, aprobou provisionalmente o expediente de modificación do artigo 15 da ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO.

Posto que non se presentaron alegacións no prazo de exposición pública, de conformidade co que dispoñen os artigos 17.3 e 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda elevado a definitivo o acordo de modificación, e procédese a súa publicación:

ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO

Modificación do artigo 15 "Xestión e Liquidación exaccións"

Queda redactado do seguinte xeito:

ARTIGO -15- XESTIÓN E LIQUIDACIÓN DE EXACCIÓN

A recepción e tramitación de declaracións, autoliquidacións, comunicacións de datos e outros documentos con transcendencia tributaria, axustarase aos modelos, formatos ou requirimentos que no seu caso poida esixir o Concello.

As liquidacións serán practicadas pola oficina xestora correspondente e aprobadas pola Xunta de Goberno Local. As autoliquidacións, cando así corresponda, practicaranse por parte do declarante, tecnicamente asistido polos servizos municipais.

As altas presentadas polos interesados ou detectadas pola inspección municipal liquidaranse co efectos da data na que nace a obriga de contribuír e incorporaranse no padrón polo período seguinte que corresponda, sen prexuízo das liquidacións correspondentes a períodos impositivos anteriores.

As baixas, que deberán ser presentadas polos suxeitos pasivos, terán efecto no padrón a partir do período impositivo seguinte a súa declaración.

En relación aos tributos de cobro periódico se practicará liquidación tributaria, que xerará unha alta no correspondente rexistro, nestes casos:

- Cando por primeira vez ocorreran os feitos ou actos que poidan orixinar a obriga de contribuír.
- Cando o Concello coñece por primeira vez da existencia do feito imponible, sen embargo terse devindicado con anterioridade o tributo e sen prexuízo das sancións que puideran corresponder.
- Cando se produciron modificacións nos elementos esenciais do tributo, distintas das aprobadas con carácter xeral na Lei de orzamentos xerais do Estado e da variación de tipos impositivos recollida nas Ordenanzas fiscais.

Por Resolución de Alcaldía, previa proposta da Tesourería, debidamente xustificada, poderá acordarse a anulación e baixa en contabilidade de todas aquelas liquidacións das que resulten débedas inferiores a contía que fixe coma insuficiente para a cobertura do custo que a súa exacción e recadación representen

No suposto de concorrencia de varios obrigados tributarios nun mesmo presuposto, cando o Concello só coñeza a identidade dun titular practicará e notificará as liquidacións tributarias a nome do mesmo, quen virá obrigado a satisfacelas si non solicita a súa división. A tal efecto, para que proceda a división será indispensable que o interesado o solicite facilitando os datos persoais, o domicilio dos demais obrigados ao pago así como os documentos públicos que acrediten a proporción en que cada un deles participe no dominio ou dereito transmitido.

Cando o Concello coñeza a existencia de varios cotitulares, practicará unha soa liquidación a un dos obrigados tributarios. Para que proceda a división será indispensable que os interesados a soliciten.

En ningún caso procederá a división da cota do tributo nos supostos de réxime económico matrimonial de sociedade legal de gananciais.

Non se poderá dividir a cota naqueles supostos que como consecuencia da devandita división resulten cotas líquidas de importe inferior a 6€.

Unha vez aceptada pola Administración a solicitude de división, os datos incorporaranse ao padrón do exercicio en que se acorde a división, sempre e cando a liquidación non adquirise firmeza, no caso contrario incorporaranse no padrón do imposto do exercicio inmediatamente posterior e manteranse nos sucesivos mentres non se solicite a modificación

A anterior modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Contra este acordo, de aprobación definitiva da modificación da ORDENANZA XERAL DOS INGRESOS MUNICIPAIS DE DEREITO PÚBLICO poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Monforte de Lemos, 15 de xuño de 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca

R. 1908

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

DECRETO DE ALCALDÍA núm. /2017

Visto que é necesario proceder á aprobación do Padrón fiscal relativo ao imposto de bens inmobles de rústica, urbana e de características especiais correspondente ao exercicio 2017, e co fin de proceder á correspondente recadación do IBI, despois de examinar a documentación achegada e, de acordo co establecido no artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Que se aprobe o Padrón do imposto de bens inmobles de rústica, urbana e de características especiais, correspondente ao exercicio 2017, composto por 335 cargos e por un importe total de cotas municipais de 217.343,25 euros. O período voluntario de cobramento será o seguinte: do un de setembro ao trinta e un de outubro de dous mil dezasete.

SEGUNDO. Que se practique a notificación colectiva das liquidacións e o anuncio da cobranza en voluntaria dos tributos anteriores polos medios habituais e, sinaladamente, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

Mándao e asíno o alcalde, D. Jose Manuel Braña Pereda, en Negueira de Muñoz, a 19 de xuño de 2017; do que eu, como secretaria, dou fe.

O Alcalde, Jose Manuel Braña Pereda. A secretaria-interventora, María del Pilar Darriba Muñoz.

R. 1909

RÁBADE

Anuncio

Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro canon da auga e recollida de lixo do 3º bimestre do exercicio 2017.

Por Decreto da Alcaldía de data 19 de xuño do 2017, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente o terceiro bimestre do exercicio 2017, cuxo importe total ascende a cantidade de " 99.740,33 " (noventa e nove mil setecentos corenta con trinta e tres) euros, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 ó 31 de xullo do 2017.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, a 19 de xuño do 2017.- O ALCALDE, Francisco Xosé Fernández Montes

R. 1910

RIBADEO

Anuncio

Faise público que tras superar o oportuno proceso selectivo levado a cabo neste Concello foron designados por Resolución da Alcaldía-Presidencia de 19 de xuño de 2017 como operarios de servizos múltiples interinos as seguintes persoas:

Posto 701: D.José Luis Fungueiriño Pazos, DNI/NIF 79328249-F

Posto 702: D. Alberto González Villanueva, DNI/NIF 71436337-Q

Posto 706: D. Ignacio Menéndez Iglesias, DNI/NIF 09442708-N

Ribadeo, 19 de xuño de 2017.- O ALCALDE, FERNANDO SUÁREZ BARCIA. O SECRETARIO EN FUNCIONS, JOSÉ RODIL VEIGA

R. 1911

VILALBA

Anuncio

“BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR DE EDUCACIÓN INFANTIL (3-6 ANOS) CURSO 2017/2018. Aprobadas na Xunta de Goberno Local de 19 xuño de 2017.

Dentro do labor de promover programas e proxectos destinados á atención das familias que ten atribuído o Concello de Vilalba,, convócanse as presentes axudas para a adquisición de material escolar de Educación Infantil (3 -6)anos para o curso 2017-2018.

1. DISPOSICIÓN XERAIS

A Constitución española de 1978 consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

Os artigos 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de las Bases do Réxime local (LRBRL) e o artigo 80.1 de la Lei 5/1997, del 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA) prevé que os concellos, para a xestión dos seus propios intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

A Lei 3/2011, de 30 de xuño, de Apoio a Familia e a Convivencia de Galicia, garante a protección total da familia, en especial, a das valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. Así, o artigo 8 desta lei atribúe tamén competencias aos concellos para a execución de programas e proxectos destinados a atención das familias.

A Lei orgánica 2/2006, del 3 de maio, de Educación (BOE del 4 de maio) establece no artigo 4, que a ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta para tódalas persoas. Así mesmo,o artigo 83 prevé a existencia de bolsas e axudas ao estudo para garantir a igualdade no exercicio do dereito á educación.

Finalmente, a Lei 13/2008, de 3 decembro, que regula o Sistema Galego de Servizos Sociais de Galicia contempla no catálogo de servizos sociais as prestacións económicas, tendo un carácter esencial as axudas de necesidade social.

Por todo isto, aprobase a concesión de bolsas complementarias ao estudo para curso 2017/2018 no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, del 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e a demais normativa de aplicación.

2. OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto regular a concesión de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar complementario destinadas ao alumnado empadroadado no Concello de Vilalba e escolarizado para o curso 2017/2018 en educación infantil (3-6 anos) nos centros docentes públicos existentes no concello.

As axudas teñen como finalidade apoiar ás familias con menor renda per cápita do concello que presenta dificultades económicas para afrontar o gasto que supón o obxecto da axuda.

3. PERSOAS BENEFICIARIAS

Para ser beneficiario/a de esta axuda é preciso cumprir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación das solicitudes:

1. Ser nai, pai ou titor/a, ou persoa encargada da garda e custodia do alumno/a que no ano escolar da convocatoria correspondente vaian a cursar estudos de educación infantil en calquera centro docente público do Concello de Vilalba.
2. Que a Renda per cápita da unidade familiar non supere o 100% do IPREM

Entenderase por unidade familiar a formada por nai, pai e fillos e fillas menores de 25 anos que convivan no mesmo domicilio. No caso de cambio das circunstancias conxugais, considerarase como membro computable da unidade familiar, a persoa que por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no enderezo familiar coa persoa proxenitora do alumno/a e que teña asignada a súa custodia.

Para calcular a renda per cápita terase en conta a base imponible xeral mais a base de aforro da declaración do IRPF.

No caso de familias nas que a súa situación económica actual variara substancialmente con respecto á última declaración do IRPF deberá acreditar esta situación.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e composición familiar no momento da presentación da solicitude.

4. CONTÍA E LÍMITE DAS AXUDAS

As axudas que se regulan nestas bases terán carácter único e non acumulativo, de tal maneira que soamente poderá concederse unha axuda no mesmo ano para o mesmo concepto.

As axudas se dividirán en dous tramos tendo en conta a Renda per cápita:

- Renda per cápita anual inferior ao 75% do IPREM (4.792,59€) terá unha contía de **100€**.
- Renda per cápita anual entre o 75% e o 100% do IPREM (6.390,12€) terá unha contía de **50€**.

5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 20.000 € euros con cargo ao epígrafe orzamentario de Axudas á Escolarización 2310-48903 do Orzamento Xeral Municipal para o ano 2017.

6. SOLICITUDES

A documentación que deberán presentar para a solicitude será a seguinte:

- a) Modelo normalizado de solicitude de subvención (**Anexo I**).
- b) Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do pai/ nai ou representante legal do menor.
- c) Fotocopia do Libro de familia.
- d) Fotocopia da Declaración da Renda do ano 2016 de tódolos membros da unidade familiar ou, no seu defecto, autorización para consulta de datos en facenda, (**Anexo II**).
- e) No caso de separación legal ou divorcio presentarase a copia da sentenza ou medidas paterno filiais respecto a/o menor, xunto co convenio regulador ou, no seu defecto, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor de fillo/a a cargo.

7. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A instancia, xunto coa documentación solicitada, presentarase no Rexistro Xeral do Concello, Praza da Constitución, n.º 1 Vilalba (Lugo), ou por calquera das formas previstas no artigo 16,4 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será do **26 de xullo ao 8 de agosto ámbolos dous inclusive**.

As bases estarán a disposición das persoas interesadas nas dependencias dos Servizos Sociais Comunitarios e na páxina web do Concello (www.vilalba.org) a partir desa data.

Dacordo co artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, si as solicitudes presentadas non reuniran os requisitos sinalados, requirirase ás persoas interesadas para que no prazo máximo e improrrogable de dez días subsanen a falta ou acompañen os

documentos preceptivos. No caso de non facelo terase por desistido da súa petición e archivarase o expediente.

8. RESOLUCIÓN

A proposta de resolución recollerá:

1. Relación de solicitantes aos que se propón conceder a subvención con especificación da contía proposta para cada un deles.
2. No seu caso, causas da desestimación das solicitudes presentadas ou da denegación de axudas solicitadas.

A Xunta de Goberno Local, á vista da proposta da resolución definitiva, resolverá o procedemento.

O prazo máximo de resolución será o establecido no artigo 25.4 da Lei Xeral de Subvencións. O vencemento do prazo máximo sen notificación da resolución pode entenderse como desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de acordo co artigo 25.5 do mesmo texto normativo.

9. DEBERES DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Os xerais recollidos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e as seguintes:

- a) Cumprir tódalas estipulacións establecidas nas bases da convocatoria.
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitude.

10. EXENCIÓNS TRIBUTARIAS

Como recolle o artigo 7.y da lei 35/2006 do 28 de novembro do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, modificado o 30 de outubro de 2015, estarán exentas as rendas establecidas por entidades locais para atender a colectivos en risco de exclusión social, situacións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas con discapacidade, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes, ata un importe máximo anual conxunto de 1,5 veces o Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples.

11. FORMA E PAGO DAS SUBVENCÍONS.

Tras a resolución de concesión da axuda económica, as contías serán abonadas mediante a entrega dun vale. Deste modo, a persoa beneficiaria acudirá ás Oficinas de Servizos Sociais do Concello para retirar o vale da axuda concedida.

Unha vez que a persoa solicitante este en posesión do vale, poderá adquirir os libros e material escolar nos establecementos de Vilalba, polo importe máximo que figura no documento. O concello soamente asumirá a contía establecida no vale.

Os vales non poderán ser fraccionados, é dicir, o importe de cada vale soamente pode ser utilizado nun único establecemento.

A aceptación dos vales polos establecementos supón a aceptación das condicións desta convocatoria.

Os establecementos deberán presentar as facturas acompañadas dos vales correspondentes no rexistro xeral do Concello de Vilalba, detallando o material escolar adquirido con cada vale, e firmado polo solicitante e polo propio establecemento. As facturas deberán cumprir cos requisitos establecidos no Real Decreto 1619/2012 polo que se aproba a Lexislación de Facturación.

O prazo para presentar facturas rematará o día 31 de outubro de 2017.

12.CONTROL, APLICACIÓN, REVISIÓN E REINTEGRO DE SUBVENCIÓN

O departamento correspondente poderá requirirle a persoa solicitante cantos documentos e aclaracións considere necesarias para completar o expediente, e tamén poderá dispoñer a comprobación oportuna dos datos consignados polos peticionarios.

Tendo en conta que as axudas desta convocatoria responden a unha determinada situación do perceptor, comprobada previamente, a concesión se entenderá xustificada mediante a presentación das facturas por parte dos establecementos acompañadas dos correspondentes vales.

O interesado procederá ao reintegro das cantidades percibidas, así como aos intereses de demora, nos casos previstos na Lei Xeral de Subvencións e na Lei de Subvencións de Galicia (art. 36 e 37 respectivamente), e nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando datos.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo que fundamenta a concesión da axuda, é dicir, ao emprego do importe recibido para finalidades distintas a adquisición de material escolar.

c) Incumprimento dos deberes impostos pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das axudas, sempre que afecten ou se refiran ao obxecto da subvención.

13. RECURSOS

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer Recurso Potestativo de Reposición ante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a notificación da resolución ou ben directamente o Recurso Contencioso - Administrativo, no prazo de dous meses, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen perxuício de calquera outro recurso que estime procedente.

14. PROTECCIÓN DE DATOS

Dacordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informase de que os datos de carácter persoal que se faciliten na participación do presente procedemento, serán incorporados nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Vilalba, con domicilio na Praza da Constitución, n.º 1, 27800 de Vilalba (Lugo), onde se poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, si fose o caso, o de oposición.

Mediante a participación no presente procedemento, os titulares dos datos persoais facilitados consenten expresamente o seu tratamento coa finalidade de levar a cabo a tramitación deste procedemento.

En Vilalba, a 22 de xuño de 2017.- O Alcalde: Agustín Baamonde Díaz

R. 1912

Anuncio

Polo que se publican as BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS A ENTIDADES PÚBLICAS OU PRIVADAS PARA FOMENTAR UNHA ACTIVIDADE OU INTERESE MUNICIPAL, ANO 2017, aprobadas na Xunta de Goberno Local de 19 xuño de 2017.

Dentro do labor de fomento e apoio ás iniciativas das entidades sen ánimo de lucro que ten atribuído o Concello de Vilalba, convócanse as presentes axudas para o período comprendido entre o **1 de xaneiro ó 31 de decembro de 2017**.

1. Disposicións xerais.

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais do Concello de Vilalba, para a prestación de servizos ou a realización de actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ó fomento dos intereses peculiares do municipio.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvención son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define no **Título III "Subvencións municipais"** das bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Vilalba para o ano 2017.

2. Finalidade e obxecto.

O Concello de Vilalba quere dar apoio ás entidades sen ánimo de lucro e contribuír para que acaden os obxectivos que lles son propios, fomentar a participación da cidadanía en cada ámbito de actuación, promovendo desde xeito a democratización da sociedade.

Por este motivo, o Concello de Vilalba publica esta convocatoria pública de subvencións destinadas a entidades asociativas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións deste concello.

O gasto derivado das subvencións outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase ás Partidas 2310-48911, 2312-48911, 320-48911, 327-48911, 334-48911 e 341-48911 do orzamento Xeral do Concello de Vilalba para o ano 2017, e quedará limitado polo crédito existente no nivel de vinculación xurídica.

O crédito orzamentario destinado a subvencionar actividades reguladas nestas bases ascende a un total de **35.400 €**.

3. Réxime xurídico.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

4. Requisitos das entidades solicitantes.

Poderán ser beneficiarias das subvencións previstas nas presentes bases as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- f) Estar legalmente constituídas e carecer de fins de lucro.
- g) Estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- h) Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello de Vilalba.
- i) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Vilalba, salvo que se lle concedese excepcionalmente prórroga ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.
- j) Estar ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vilalba, coa Administración Estatal, coa Administración Autonómica e coa Seguridade Social.
- k) Non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. Procedemento de solicitude.

5.1 Documentación.

A documentación que se deberá presentar é a seguinte:

- a) Solicitude, segundo o modelo normalizado que se facilitará no Concello de Vilalba, asinado polo/a presidente/a da entidade ou por quen teña conferida a delegación (ANEXO 1).
- b) Memoria descritiva dun **Plan de Tres Actividades (obligatorio sinalar 3)** debendo realizar, cando menos, unha delas (ANEXO 2). Este plan presentará os seguintes puntos:
 - Descrición das actividades incluídas no Plan.
 - Obxectivos a acadar en cada unha das actividades.
 - Antigüidade de cada unha das actividades (no caso de que algunha se leve realizando dende tempo atrás).
 - Lugar e data de realización de cada actividade.
 - Número de persoas participantes en cada actividade.
 - Equipamento necesario para a realización das actividades.
 - Persoal que se require para levar a cabo cada actividade.
 - Orzamento de ingresos e gastos de cada actividade (financiación con fondos propios ou doutros organismos públicos ou privados).
- c) Certificación do/a Secretario/a da entidade en relación á actuación do/a representante legal, segundo modelo que figura como ANEXO 3.
- d) Declaración responsable de cumprir os requisitos específicos da presente convocatoria, segundo modelo que figura como ANEXO 3.
- e) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións autorizando expresamente ó Concello de Vilalba para a comprobación da situación da entidade solicitante respecto das obrigas tributarias e coa Seguridade Social segundo modelo que figura como ANEXO 3.
- f) Certificación de datos bancarios da entidade solicitante, segundo modelo que figura como ANEXO 4.
- g) Declaración de se lles foi concedida algunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior á presentación da solicitude, segundo modelo que figura como ANEXO 5.

Só poderá presentarse **unha solicitude de subvención por entidade** e no caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días hábiles, arquivándose o expediente sen máis trámites de non efectuarse a mesma.

5.2 Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes presentarase no **Rexistro Xeral do Concello de Vilalba**, en horario de 9:00 horas a 14:00 horas de luns a venres.

O prazo de presentación de solicitudes será **dun mes** contado a partir do día seguinte ó da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

6. Obrigas das entidades beneficiarias.

As entidades beneficiarias das subvencións terán que aterse ás seguintes obrigas:

- a) Cumprir o obxectivo, realizando cando menos, unha das actividades recollidas no Plan de Tres Actividades presentado na solicitude ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da axuda de acordo coa memoria presentada. A subvención deberá ser destinada exclusivamente ós fins para os que foi concedida, quedando expresamente prohibida calquera alteración de destino non autorizada polo Concello.
- b) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando, para iso, canta información lles sexa requirida.
- c) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución da actividade. Para iso, no lugar onde se realicen as actuacións deberá figurar de forma visible un cartel informativo no cal apareza o anagrama do Concello de Vilalba acompañado da expresión: "Colaborou o Excmo. Concello de Vilalba". Dito anagrama e expresión tamén deberán figurar en toda a documentación (impresa e/ou dixital) que anuncie a actividade subvencionada.
- d) Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada.
- e) Xustificar o gasto realizado de acordo co previsto nas presentes bases.

7. Resolución das subvencións.

7.1 Comisión de Valoración.

A Comisión de Valoración estará composta polos seguintes membros:

- a) Presidente: Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue.
- b) Vogais: dous/dúas concelleiros/as e tres traballadores/as municipais nomeados polo Alcalde.
- c) Actuará como secretario/a, sen voto, a secretaria da corporación ou persoa en quen delegue.

A Comisión de Valoración poderá solicitar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións.

7.2 Criterios de valoración.

Cada entidade solicitante poderá obter ata **100 puntos como máximo** que serán outorgados pola Comisión de Valoración ponderando os seguintes criterios:

7.2.1 Asociacións culturais:

- a) Adecuación do Plan de Actividades ó interese municipal e participación e colaboración en actividades/eventos organizados polo Concello de Vilalba (festas patronais, festas de Nadal, Feira do Queixo de San Simón, Feira do Capón, Entroido...). **Ata 40 puntos.**
- b) Actividades realizadas na zona rural. **Ata 15 puntos.**
- c) Actividades de fomento da cultura galega. **Ata 15 puntos.**
- d) Esfuerzo económico da asociación e/ou usuarios/as para a realización das actividades. **Ata 30 puntos.**

7.2.2 Asociacións educativas:

- a) Adecuación do Plan de Actividades á realización de actividades extraescolares de carácter educativo/cultural que faciliten a conciliación. **Ata 30 puntos.**
- b) Actividades realizadas na zona rural. **Ata 15 puntos.**
- c) Actividades de fomento da convivencia e a igualdade de xénero. **Ata 25 puntos.**
- d) Esfuerzo económico da asociación e/ou usuarios/as para a realización das actividades. **Ata 30 puntos.**

7.2.3 Asociacións ou clubs deportivos:

- a) Adecuación do Plan de Actividades ó interese municipal (concretar evento/s ou competición/s a baremar), e participación/colaboración en actividades/eventos deportivos (carreiras populares,

campamentos de verán, verán activo, programa deportivo das Festas de San Ramón...), organizados polo Concello de Vilalba . **Ata 40 puntos.**

- b) Ámbito xeográfico no que se levarán a cabo as competicións/eventos subvencionados. Ata 10 puntos.**
- Local (5 puntos)
 - Comarcal (2 puntos)
 - Provincial (1 punto)
 - Autonómico (1 punto)
 - Nacional (1 punto)
- c) Volume total de participación en dito evento (registro de inscricións). Ata 20 puntos.**
- d) Esfuerzo económico da asociación e/ou usuarios/as para a realización das actividades. Ata 30 puntos.**

7.2.4 Asociacións de mulleres:

- a) Adecuación do Plan de Actividades ó interese municipal e participación e colaboración en actividades/eventos organizados polo Concello de Vilalba (conmemoración do Día Internacional da Muller e do Día Internacional contra a violencia de xénero, etc). Ata 40 puntos.**
- b) Actividades que contribúan á visibilización e resolución no ámbito municipal das problemáticas existentes no eido da muller. Ata 15 puntos.**
- c) Actividades realizadas na zona rural. Ata 15 puntos.**
- d) Esfuerzo económico da asociación e/ou usuarios/as para a realización das actividades. Ata 30 puntos.**

7.2.5 Asociacións veciñais:

- a) Adecuación do Plan de Actividades ao impulso de actividades veciñais (cursos, xuntanzas, celebracións...). Ata 40 puntos.**
- b) Número de persoas beneficiarias participantes nas actividades. Ata 30 puntos.**
- c) Esfuerzo económico da asociación e/ou usuarios/as para a realización das actividades. Ata 30 puntos.**

7.2.6 Asociacións que traballen con colectivos específicos:

- a) Adecuación do Plan de Actividades ós programas de servizos sociais municipais. Ata 40 puntos.**
- b) Fomento da integración de persoas con discapacidade e atención a persoas en risco de exclusión social. Ata 15 puntos.**
- c) Actividades dirixidas a menores de idade. Ata 15 puntos.**
- d) Esfuerzo económico da asociación e/ou usuarios/as para a realización das actividades. Ata 30 puntos.**

7.2.7 Outras Asociacións:

- a) Adecuación do Plan de Actividades ó interese municipal e participación e colaboración en actividades/eventos organizados polo Concello de Vilalba (festas patronais, festas de Nadal, Feira do Queixo de San Simón, Feira do Capón, Entroido...). Ata 40 puntos.**
- b) Actividades realizadas na zona rural. Ata 15 puntos.**
- c) Número de persoas beneficiarias participantes nas actividades. Ata 15 puntos.**
- d) Esfuerzo económico da asociación e/ou usuarios/as para a realización das actividades. Ata 30 puntos.**

7.3 Proposta e concesión de subvencións.

A Comisión de Valoración procederá á proposta de concesión de subvencións, segundo os criterios previstos nas presentes bases. Para iso, a comisión establecerá, para cada unha das categorías de subvención e de acordo coa puntuación obtida por cada solicitante, unha orde de puntuación. Deste xeito, a citada proposta terá carácter proporcional coa puntuación obtida nas mesmas, de modo que, a maior puntuación maior será a contía da subvención. **Dita contía non superará os 600 € por entidade.**

A proposta de concesión de subvencións deberá conter a relación de entidades solicitantes para as que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á mesma. Posteriormente, dita proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a fiscalización desta.

A partir da proposta da Comisión de Valoración informada pola Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de entidades solicitantes ás

que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver será de tres meses contado a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións.

7.4 Notificación e publicidade da concesión.

O outorgamento das subvencións notificarase ás entidades interesadas de forma fidedigna e de acordo co establecido nos artigos 40 e 45 da Lei 39/2015. A resolución da concesión farase pública mediante exposición no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo dun mes.

Contra o rexeitamento expreso ou presunto das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

7.5 Reformulación de solicitudes.

Unha vez notificada a resolución de concesión, a reformulación de solicitudes a que se refire o artigo 27 da Lei Xeral de Subvencións e o artigo 61 do seu regulamento de desenvolvemento, será automática, de tal modo que se o importe da subvención outorgada é inferior ó solicitado polo beneficiario, o presuposto subvencionado que debe ser obxecto de xustificación posterior reducirase proporcionalmente.

8. Xustificación e pagamento.

8.1 Pagamento.

A xustificación da subvención será do importe concedido, baixo a responsabilidade da persoa declarante. Deste xeito, as subvencións aboaranse do seguinte xeito: o 80% no momento da concesión e o 20% restante logo da xustificación dos gastos. (Con reserva de garantía)

Para o cobro da subvención as entidades deberán estar ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vilalba, situación que este determinará de oficio a través do Servizo Municipal de Recadación. Así mesmo, as entidades deberán acreditar que están ó corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. As certificacións acreditativas desta situación poderán ser solicitadas polo Concello de Vilalba no caso de ter autorización outorgada pola entidade.

8.2 Prazo de xustificación.

O prazo para a presentación da documentación xustificativa da subvención finaliza o **15 de xaneiro de 2018**.

8.3 Consideracións xerais.

- a) Os gastos xustificables deberán axustarse ós conceptos aprobados no presuposto inicial e, con carácter xeral, non se admitirán como xustificantes facturas de bebidas alcohólicas, tabaco ou calquera outro produto considerado lesivo para a saúde.
- b) No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención do Concello de Vilalba, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o presuposto subvencionado a xustificar será a suma das subvencións e ingresos.
- c) Considerase gasto realizado aquel que foi efectivamente pagado con anterioridade ó remate do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.
- d) O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá a entidade beneficiaria.
- e) Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.
- f) As entidades beneficiarias da subvención deben utilizar, formas de pago a terceiros que poidan ser acreditadas mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxetas de débito ou crédito cheque ou talón nominativo, etc.) no que quede identificado o beneficiario. Excepcionalmente poderase realizar o pagamento en metálico para gastos de ata 300€ nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
- g) O beneficiario deberá someterse ós procedementos de control ou auditoría que se realicen pola Intervención Municipal e os Servizos Municipais correspondentes polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras, e tamén, na condición de contratante, ó procedementos de control que poida realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. E como resultado dos ditos procedementos, poderá esixirse responsabilidade administrativa, consonte ó previsto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e, de ser o caso, responsabilidade penal de conformidade co Código Penal.
- h) Non poden ser obxecto de subvención aquelas actividades suxeitas a un Convenio de Colaboración do Concello de Vilalba, nin as que recibisen outro tipo de aportación municipal.

8.4 Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables:

- a) Aqueles que, de maneira indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido pola convocatoria. En ningún caso o seu custo poderá ser superior ó valor de mercado.
- b) Os gastos derivados da organización e realización das actividades subvencionadas; o material funxible non inventariable relacionado directamente coas actividades subvencionadas.
- c) Os gastos de infraestruturas e equipamento derivados da organización e realización das actividades subvencionadas (só serán subvencionadas ata un máximo dun 25% da subvención concedida).
- d) Seguros da responsabilidade civil e accidentes, cos pertinentes certificados e facturas.
- e) Retribucións a persoal técnico e dos monitores que teñan relación laboral ou de arrendamento de servizos coa entidade que se acreditarán mediante facturas ou nóminas. Só se admitirá minuta cando reflecta a correspondente retención do IRPF e a repercusión do IVE.
- f) Os gastos correspondentes a voluntarios ou monitores que colaboren coa entidade ou asociación impartindo algunha actividade, curso, etc. poderán xustificarse presentando un recibo ou minuta que contará cos seguintes datos:
 - Nome, CIF e enderezo da entidade.
 - Nome e apelidos do monitor, ou seu NIF e enderezo.
 - A cantidade que recibe e correspondente retención de IRPF.
 - O concepto polo que se paga (actividade, curso, etc).
 - Datas nas que se impartiu a actividade, curso...
 - Lugar e data da emisión do recibo.
 - Sinatura do monitor/a ou voluntario/a.Xunto con esta documentación acompañarase:
 - Certificado do secretario/a da entidade declarando que o preceptor/a é persoa allea á mesma.
 - Declaración xurada do preceptor/a conforme a cantidade recibida é en concepto de gratificación pola súa colaboración.
- g) Premios en metálico, que terán a correspondente retención de IRPF cando superen os 300€. Os xustificante do pago do premio contará cos seguintes datos:
 - Bases ou cartel no que consten os premios en metálico a outorgar.
 - Nome, CIF en enderezo da entidade.
 - Nome e apelidos do premiado, o seu NIF e enderezo.
 - A cantidade que recibe en concepto de premio e a correspondente retención de IRPF, se é necesario.
 - O concepto polo que se recibe o premio (competición, etc).
 - Datas na que se desenvolveu o concurso.
 - Lugar e data da emisión do premio.
 - Sinatura da persoa premiada.
- h) Axudas de custo por desprazamento relacionada coa actividade subvencionada. No caso de xustificar con axudas de custo, deberá achegarse ticket xustificativo do gasto efectuado en caso de desprazamento por autoestrada e factura a nome do/a preceptor/a da indemnización no caso de manutención. En todo caso estarase ó disposto no artigo 9 do Real Decreto 439/2007, do 27 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas en canto ás contías máximas excluídas de gravame. O concello facilitará un modelo de axudas de custo para que sexa cuberto e entregado coa conta xustificativa.

8.5 Documentación xustificativa.

Para a xustificación da subvención presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vilalba a seguinte documentación:

- a) Unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, así como orzamento final de ingresos e gastos (ANEXO 7).

- b) Certificación do/a secretario/a da entidade, co visto bo do/a presidente/a no que se indiquen as subvencións obtidas doutras Administracións públicas ou entidades privadas para a mesma finalidade, con indicación do seu importe ou procedencia, ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade (ANEXO 8).
- c) No caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse certificación da Administración concedente, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificadas e período ó que se refiren os gastos.
- d) Relación numerada e correlativa de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten, con especificación de, cando menos, a súa data, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pago, contía do gasto subvencionado e porcentaxe imputado á xustificación da subvención (ANEXO 9).
- e) Documentación acreditativa da realización do pago por un importe mínimo da subvención concedida consistente en:
 - No caso de prestacións persoais de servizo, acreditación mediante nómina, factura ou calquera outro medio admitido en dereito.
 - No caso de gastos de material, subministracións, etc. orixinal ou fotocopia cotexada das facturas (ou documentos acreditativos do gasto substitutivos da factura contemplados no artigo 4 do RD 1496/2003) representativas dos gastos realizados. As facturas deberán conter, como mínimo, os seguintes requisitos:
 - i. Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
 - ii. Desglose do IVE ou imposto correspondente, no caso de exención, deberá facerse constar expresamente na factura.
 - iii. Nome, enderezo e NIF ou CIF da entidade beneficiaria da subvención, debendo estar estendidos ó nome da entidade.
 - iv. Descrición, polo miúdo, do servizo prestado.
 - v. Número, data e lugar de emisión e denominación de "factura".
- f) Acreditación gráfica do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración do Excmo, Concello de Vilalba en toda a información (impresa e/ou dixital) que se teña feito das actividades ou investimentos subvencionados ocupando un espazo visible en toda a información.

8.6 Reintegro da subvención.

Á vista da documentación xustificativa presentada e despois dos informes do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e se a documentación é correcta, procederase ó pagamento da subvención mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención e pagamento dela, terase en conta o seguinte:

- a) No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- b) No caso de que se xustifique gasto inferior ó 100% e, polo menos do 50% do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención.
- c) No caso de que se xustifique gasto inferior ó 50% do orzamento subvencionado, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade algunha, sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador correspondente.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. No caso de que non se presente a xustificación da subvención dentro do prazo, será requirida á entidade beneficiaria para a súa presentación (artigo 70 do Regulamento de Subvencións). A falta de presentación no prazo de 15 días dende o requirimento dará lugar a que, por resolución da Alcaldía, se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e á Intervención Municipal para o seu reflexo contable.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos nas correspondentes convocatorias, dará lugar á cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

9. Réxime sancionador.

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

Disposición adicional primeira.

Para o non previsto nesta convocatoria, en especial todo aquilo que fai referencia á posibilidade de levar a cabo un control financeiro no ano seguinte das subvencións xustificadas e pagadas, serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Vilalba para o exercicio de 2017 e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento.

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

Disposición adicional segunda.

Os datos da subvención concedida quedarán incorporados ó rexistro público de subvencións, tendo dereito as persoas interesadas á protección dos datos de carácter persoal, nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

En Vilalba, a 22 de xuño de 2017.- O Alcalde: Agustín Baamonde Díaz

R. 1913

VIVEIRO

Anuncio

Por medio do presente exponse ó público o proxecto denominado "Proyecto de señalización de la ruta de senderismo denominada "Ruta Penedo do Galo" en el Concello de Viveiro (Lugo)", redactado polo arquitecto de obras do Concello de Viveiro, D. Santiago Meitín Míguez en febreiro de 2017, cun orzamento de execución por contrata que ascende á cantidade de "dez e nove mil oitocentos corenta e seis euros con noventa e tres céntimos" (19.846,93 euros), por prazo de vinte días a contar dende o seguinte á publicación do presente anuncio. Durante este prazo o proxecto poderase consultar na Secretaría Xeral deste Concello de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

En Viveiro, a 15 de xuño de 2017.- A alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1914

Anuncio

Por medio do presente exponse ó público o proxecto denominado "Reposición y mejora del firme en las calles denominadas Rego das Frores, Alonso Pérez y Jesús Noya en el núcleo urbano de Viveiro (Lugo)", redactado polo arquitecto de obras do Concello de Viveiro, D. Santiago Meitín Míguez en febreiro de 2017, cun orzamento de execución por contrata que ascende á cantidade de "cincuenta e sete mil seiscentos trinta e dous euros con corenta e seis céntimos" (57.632,46 euros), por prazo de vinte días a contar dende o seguinte á publicación do presente anuncio. Durante este prazo o proxecto poderase consultar na Secretaría Xeral deste Concello de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

En Viveiro, a 15 de xuño de 2017.- A alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1915

Anuncio

Por medio do presente exponse ó público o proxecto denominado "Proyecto de pavimentación y servicios en la calle Lodeiro - Viveiro (Lugo)", redactado polo arquitecto de obras do Concello de Viveiro, D. Santiago Meitín Míguez en abril de 2017, cun orzamento de execución por contrata que ascende á cantidade de "cento setenta e tres mil euros" (173.000,00 euros), por prazo de vinte días a contar dende o seguinte á publicación do presente anuncio. Durante este prazo o proxecto poderase consultar na Secretaría Xeral deste Concello de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

En Viveiro, a 15 de xuño de 2017.- A alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1916

Anuncio

Por medio do presente exponse ó público o proxecto denominado "Proyecto de pavimentación y servicios en la calle Rego da Fonte en Celeiro - Viveiro (Lugo)", redactado polo arquitecto de obras do Concello de Viveiro, D. Santiago Meitín Míguez en abril de 2017, cun orzamento de execución por contrata que ascende á cantidade de "cento noventa mil euros" (190.000,00 euros), por prazo de vinte días a contar dende o seguinte á publicación do presente anuncio. Durante este prazo o proxecto poderase consultar na Secretaría Xeral deste Concello de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

En Viveiro, a 15 de xuño de 2017.- A alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1917

Anuncio

Por medio do presente exponse ó público o proxecto denominado "Proyecto de mejora y reposición de saneamiento, redes de sumideros y abastecimiento de agua en el tramo comprendido entre el n.º 70 y n.º 96 de la calle Rúa Grande de Celeiro, Viveiro (Lugo)", redactado polo arquitecto de obras do Concello de Viveiro, D. Santiago Meitín Míguez en febreiro de 2017, cun orzamento de execución por contrata que ascende á cantidade de "noventa e nove mil oitocentos cincuenta e cinco euros con vinte e nove céntimos" (99.855,29 euros), por prazo de vinte días a contar dende o seguinte á publicación do presente anuncio. Durante este prazo o proxecto poderase consultar na Secretaría Xeral deste Concello de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

En Viveiro, a 15 de xuño de 2017.- A alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1918

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA
XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

D^a MARIA DEL CARMEN VARELA REBOLO, Letrada de la Administración de Justicia, del Juzgado de lo Social nº 2 de LUGO,

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de MARÍA CARMEN LÓPEZ ÁLVAREZ contra BASICO DE MONET BDM S.L., MC LUGO SERVICIOS INMOBILIARIOS S.L.L., MONET PELUQUEROS S.L., MONET REUNIDOS S.L., CARLANGA IBERICA S.L.U., GLOBAL CECOMGA S.L., ALEJANDRO SANTOS FERNÁNDEZ, SUSANA LÓPEZ VENTOSA, en materia de DESPIDO, registrado con el nº 282/17 se ha acordado citar a MC LUGO SERVICIOS INMOBILIARIOS S.L. con últimos domicilios conocidos son Rúa San Roque, 13, entresuelo, Lugo y Plaza Campo Castillo, 10, Lugo; D^a SUSANA LÓPEZ VENTOSA con últimos domicilios conocidos en Rúa San Roque, 13, entresuelo, Lugo, Calle Teatro, 15, 1º A, Lugo, Rda. Muralla, 193, 2º Derecha, Lugo, Rúa San Roque, 4 escalera 1, Puerta 3, Lugo, Rúa San Roque nº 11, N2-15, escalera 1, entresuelo B, Lugo, Rúa Montero Ríos, 66, escalera 1, planta 1, puerta E, Lugo, Plaza Viana do Castelo, 4, escalera 6, planta 1, puerta D, Lugo; MONET PELUQUEROS S.L. con últimos domicilios conocidos en Rúa San Roque, 13, entresuelo, Lugo, Calle Palos de La Frontera, 11, local, Madrid y Calle Rafael de Riego, 44, Madrid; MONET REUNIDOS S.L. con últimos domicilios conocidos en Rúa San Roque, 13, entresuelo, Lugo, Calle San Roque, 11, entresuelo B, Lugo, Calle Concepción Arenal, 10, A Coruña, Calle República Argentina, 16, Vigo (Pontevedra); GLOBAL CECOMGA S.L. con últimos domicilios conocidos en Rúa San Roque, 13, entresuelo, Lugo, Avenida Buenos Aires, 222, baixo, 32004-Ourense, Avenida Buenos Aires, 56, A Coruña, Calle Gran Vía, 86, Vigo (Pontevedra); y CARLANGA IBERICA S.L.U. con últimos domicilios conocidos en Rúa San Roque, 13, entresuelo, Lugo, Rúa Salvador de Madariaga, 1, portal 12, baixo, Lugo, Calle Doctor González Sierra, 1, Vigo (Pontevedra), Calle Gran Vía, 186, Vigo (Pontevedra), Calle San Roque, 4, Lugo, Calle Federico Tapia, 33, A Coruña, Avenida Buenos Aires, 2, A Coruña, Calle Rosalía de Castro, 36, Vigo (Pontevedra), todos ellos en ignorado paradero, a fin de que comparezcan el día 11 de julio de 2017, a las 10:45 horas, y 11:00 horas, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso Juicio, que tendrán lugar en la Sala de Vistas de este Juzgado de lo Social número 2 sito en C/ ARMANDO DURAN Nº 1 .LUGO debiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Asimismo se ha acordado citar para su asistencia al acto del juicio a SUSANA LÓPEZ VENTOSA y los REPRESENTANTES LEGALES de las demandadas MC LUGO SERVICIOS INMOBILIARIOS S.L., MONET PELUQUEROS S.L., MONET REUNIDOS S.L., GLOBAL CECOMGA S.L., CARLANGA IBERICA S.L.U. , a fin de practicar, en su caso, la prueba de interrogatorio de parte solicitada por el demandante, con apercibimiento que, de no comparecer y ser admitida la prueba propuesta, se podrán tener por ciertos los hechos de la demanda en que hubieren intervenido personalmente y le resultaren en todo o en parte perjudiciales.

Se advierte a los destinatarios que las siguientes comunicaciones se harán en los estrados de este Juzgado, salvo las que deban revestir forma de auto o sentencia, o se trate de emplazamiento.

Y para que sirva de citación a SUSANA LÓPEZ VENTOSA, MC LUGO SERVICIOS INMOBILIARIOS S.L., MONET PELUQUEROS S.L., MONET REUNIDOS S.L., GLOBAL CECOMGA S.L., CARLANGA IBERICA S.L.U., se expide la presente cédula para su publicación en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña, Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra, Boletín Oficial de la Comunidad de Madrid, y colocación en el tablón de anuncios, en LUGO a catorce de junio de dos mil diecisiete.

LA SECRETARIA JUDICIAL

R. 1920

Anuncio

D^a MARIA DEL CARMEN VARELA REBOLO, Letrada de la Administración de Justicia, del Juzgado de lo Social nº 2 de LUGO,

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de MUTUA UNIVERSAL MUGENAT contra INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL, TESORERÍA GENERAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL, MANUEL MÉNDEZ CAMPO, FERLOSA S.L., y los administradores concursales de la empresa FERLOSA S.L., D. JOSE BENITO LÓPEZ FERREIRO, D. ANTONIO NOVOA LÓPEZ y D. BELARMINO SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, sobre prestaciones de incapacidad permanente, registrado con el nº 508/16, se ha acordado citar a FERLOSA S.L., en ignorado paradero, y cuyo último domicilio conocido es Lugar Medas del Castillo s/n, 27320 - Quiroga (Lugo), a fin de que comparezca el día 18 de enero de 2018, a las 10:00 horas para la celebración de Juicio, que tendrá lugar en la Sala de Vistas de este Juzgado de lo Social número 2 sito en C/ ARMANDO DURAN Nº 1 .LUGO debiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán en los estrados de este Juzgado, salvo las que deban revestir forma de auto o sentencia, o se trate de emplazamiento.

Y para que sirva de citación a FERLOSA S.L., se expide la presente cédula para su publicación en el **Boletín Oficial de la Provincia de Lugo** y colocación en el tablón de anuncios, en LUGO a catorce de junio de dos mil diecisiete.

LA SECRETARIA JUDICIAL

R. 1921

MINISTERIO DE AGRICULTURA E PESCA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidad con lo dispuesto en el artículo 165 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico aprobado por Real Decreto 849/86 de 11 de abril, la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, ha acordado iniciar de oficio **expediente de extinción** del derecho al uso privativo de las aguas por incumplimiento de los plazos previstos en la concesión, sobre la que no constan servidumbres, cuyas características esenciales son las siguientes:

- Expediente: H/27/93-0218
- Asunto: Extinción del aprovechamiento de aguas de la central de Fábrica da Luz.
- Destino del aprovechamiento: Producción de energía eléctrica.
- Titular: Ayuntamiento de Lugo.

- C.I.F. nº: P-2702800J.
- Domicilio: Praza Maior s/nº.27001-Lugo.
- Nombre del río donde se derivan las aguas: Miño.
- Caudal concesional: 7.000 l/s.
- Coordenadas UTM (ETRS 89 H29) azud y toma: X: 616.286 Y: 4.762.135.
- Coordenadas UTM (ETRS 89 H29) restitución: X: 616.371 Y: 4.761.992.
- Paraje, término municipal y provincia: Lugo.
- Título concesional: Resolución Gubernativa.
- Fecha: 14 de mayo de 1.894.
- Nº Inscripción Registro de Aguas:16249.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de **UN (1) MES**, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de LUGO, a fin de que los que se consideren afectados por la extinción de la referida concesión, incluidos los titulares del derecho, puedan manifestar lo que consideren conveniente, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de Lugo, en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (Comisaría de Aguas, Progreso, 6 -32005-OURENSE), o ante el registro de cualquier órgano administrativo y demás lugares previstos en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

EL JEFE DE SERVICIO, Jorge Gutiérrez González

R. 1924